

ANUNCIO DO TRIBUNAL CUALIFICADOR DO PROCESO SELECTIVO CONVOCADO PARA CUBRIR UNHA PRAZA DE TÉCNICO/A MEDIO/A DE XESTIÓN INCLUÍDA NA OEP DO ANO 2019 (QUENDA PROMOCIÓN INTERNA).

1.- RESULTADO DO SEGUNDO EXERCICIO PRÁCTICO, OBRIGATORIO E ELIMINATORIO.

Reunido o tribunal cualificador o día 4 de novembro de 2020 para a lectura pública e puntuación do segundo exercicio, aplicando os criterios establecidos na base 5ª b), das específicas do proceso selectivo, a cualificación obtida foi a seguinte:

ASPIRANTE	PUNTUACIÓN
MARTINEZ GONZALEZ, ANA ISABEL	13,70
PAZOS COSTA, YOLANDA	14,10

As persoas aspirantes convocadas para a lectura pública do segundo exercicio e que non figuran na listaxe anterior, ou non se presentaron ou non superaron o exercicio, obtendo a cualificación de NON APTA, de conformidade co disposto na base 11ª das xerais do proceso selectivo.

2.- CUALIFICACIÓN DEFINITIVA.- A puntuación total do proceso selectivo convocado para a provisión dunha praza de técnico/a medio/a de xestión, polo sistema de promoción interna, queda do seguinte xeito:

ASPIRANTE	FASE CONCURSO	1º EXERCICIO	2º EXERCICIO	TOTAL
MARTINEZ GONZALEZ, ANA ISABEL	13,30	19,00	13,70	46,00
PAZOS COSTA, YOLANDA	12,00	12,50	14,10	38,60

3.- PROPOSTA DE NOMEAMENTO.- En consecuencia, o tribunal eleva á concelleira de Persoal e Cultura a puntuación definitiva das aspirantes con especificación das puntuacións en cada exercicio do proceso selectivo, propoñendo o nomeamento para ocupar unha praza de técnica media de xestión (quenda promoción interna) á aspirante dona **Ana Isabel Martínez González**.

A aspirante proposta deberá achegar, dentro do prazo de 20 días naturais, contados desde a publicación deste anuncio no taboleiro de anuncios electrónico do Concello de Pontevedra, a documentación sinalada nas bases para acreditar que cumpre os requisitos esixidos para o seu nomeamento e para a praza convocada, de conformidade co disposto na base 16 das xerais da convocatoria.





CONCELLO DE
PONTEVEDRA

4.- RÉXIME DE RECURSOS.- Contra as resolucións do Tribunal e os seus actos de trámite cualificados poderase interpoñer, para esgotar a vía administrativa, o recurso de alzada ante a autoridade que o nomeou, no prazo de un mes contado a partir do día seguinte ao da súa publicación, consonte ao establecido no artigo 121 e seguintes da Lei 39/2015, do 1 de outubro do procedemento administrativo das administracións públicas.

Non obstante, os/as interesados/as tamén poderán interpoñer calquera outro recurso que estimen procedente consonte a dereito.

5.- PUBLICACIÓN DO RESULTADO.- O Tribunal dispuxo que pola Secretaria se publique no taboleiro de anuncios do Concello de Pontevedra e, de forma complementaria, na páxina web do Concello de Pontevedra, a relación coas cualificacións obtidas polas aspirantes aprobadas no segundo exercicio e a proposta de nomeamento.

Documento asinado electrónicamente pola secretaria do Tribunal, en Pontevedra, na data indicada na sinatura electrónica.

